

A/A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

ALEGACIÓNS DA CSI-F Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

As relacións de postos de traballo constitúen o instrumento técnico a partir do que a Administración ordena o persoal ao seu servizo e racionaliza as estruturas administrativas, de acordo coa súa propia organización e estrutura, e coas súas necesidades.

A proposta de modificación da RPT da nova CMAOT, supón, ao noso entender, a oportunidade de acadar os ditos obxectivos de cara ao futuro, aproveitando esta proposta para depurar determinados erros e incongruencias que deberon ser corrixidas hai moito tempo, para dotar á RPT de coherencia nun dobre sentido;

- ✓ Coherencia das prazas e postos reflectidos na RPT coas necesidades reais das funcións encomendadas á nova Consellería e ás súas diferentes áreas e departamentos.
- ✓ Coherencia interna das prazas ente sí, de xeito que as mesmas funcións e competencias, requiran das mesmas ou parellas titulacións, subgrupos e méritos.

Por todo o dito anteriormente, propoñemos as seguintes **cuestións de carácter xeral**:

1. As **xefaturas de servizo**, independentemente da área funcional, deben estar abertas aos subgrupos A1 e A2. Parece coherente que os funcionarios pertencentes a estes dous subgrupos podan optar a unha xefatura de servizo (coas especificidades

pertinentes segundo os casos), tanto nesta coma no resto das Consellerías.

2. Polo que respecta á forma de provisión das xefaturas de servizo, faise a convinte adaptación á Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en cuxo artigo 92 establécese a provisión dos postos de **xefatura de servizo** polo sistema de **Concurso Específico**. Entendemos que a dita forma de provisión incluída nos correspondentes postos na RPT debe ser posta en marcha sen necesidade de máis desenvolvemento que a especificación na propia RPT da modalidade de Concurso Específico escollida (presentación de memoria, entrevista, etc) e a data ou prazo máximo para a súa efectiva provisión por este sistema.
3. Do mesmo xeito, solicitamos que a apertura aos subgrupos A2 e C1, de todas as **xefaturas de sección** (dos corpos xerais, obviamente) nas mesmas condicións referidas, a aos subgrupos A2, C1 e C2 de todas as **xefaturas de negociado** presentes nesta RPT.
4. Respecto ás titulacións de acceso, solicitamos que se xustifique polo miúdo por qué se exclúen unhas ou outras titulacións ou escalas, sobre todo no caso dos postos que pertencen a un mesmo departamento e realizan as mesmas ou parellas funcións Tanto as titulacións requiridas, como as correspondentes escalas, e os méritos para o acceso a un posto deben gardas, a similares funcións, coherencia e unha certa homoxeneidade. Segundo o recollido na memoria xustificativa da modificación proposta, o criterio é que cada posto poda estar provisto por persoal dun máximo de dúas escalas, criterio ao respecto do que non se expresa ningunha base legal ou regulamentaria.
5. Polo que se refire á **apertura de postos á súa provisión por persoal doutras administracións** reclamamos que se acompañe dun certificado, que se incorpore ao expediente, expedido pola Dirección Xeral da Función Pública, de que non se supera o 7% establecido no artigo 38.5 da lei 2/2015 do emprego público de Galicia, e no caso de que a porcentaxe sexa superior, información ao respecto do correspondente convenio asinado en termos de reciprocidade coas administracións das que se trate. Entendemos que a apertura a persoal doutras administración responde ao dereito de todo empregado público á mobilidade, pero tamén que esta apertura debe producirse en termos que non transformen á Xunta de Galicia en administración unicamente de acollida, e que permitan exercer eses mesmos dereitos ao persoal propio. En todo caso,

de existir prazas abertas para a súa provisión por persoal doutras administracións, as mesmas deben estar repartidas equitativamente entre os diferentes grupos e subgrupos para a súa provisión por concurso e non centrarse exclusivamente en postos de libre designación.

6. Ademais solicitamos que se **elimine a limitación da carreira administrativa** a determinadas especialidades en referencia á ocupación dos postos de diferentes xefaturas de servizo da CMAOT, posto que se limita unicamente a ser cubertas por diferentes enxeñerías (tanto dos grupo A1 como do grupo A2) como única opción para poder ocupar as ditas prazas ou incluso cambiando a súa cobertura para corpos xerais, en detrimento doutras titulacións dos corpos especiais e pertencentes ao grupos A1 tan axeitadas como aquelas para a realización das funcións das xefaturas como é a titulación de bioloxía (Grupo A1 ESC1). Coincide que, dentro destas xefaturas de servizo, existen postos tanto para enxeñeiros como para biólogos, químicos ou veterinarios pero só no primeiro caso poderá chegar a ocupar a xefatura de darse o caso. En segundo lugar, se amosa un listado de prazas que están pechadas e que se considera que deberían ser compartidas e incluír como mínimo á **titulación de biólogos 2021** ou escala ESC1, por ser una formación válida para o cumprimento das funcións das prazas referidas.

Coa nova configuración das titulacións que se está a amosar nesta RPT estanse a recortar dereitos a promoción que todo funcionario ten recoñecido pola Lei do emprego público, a función pública non camiña en paralelo na aplicación da normativa que, en principio, parece que na súa redacción é mais garantista para o funcionario.

7. Ata o de agora as **xefaturas de servizo** estaban abertas a ser cubertas por todas as titulacións que podían ser da administración xeral ou especial segundo fose o caso. Coa redacción desta RPT estanse a eliminar as condicións de igualdade para poder optar a determinadas prazas suprimindo dun trazo toda unha serie de titulacións que poderían acceder a eses postos con demostradas capacidades, e sobrada formación, no desenvolvemento das funcións que nelas se realizan.
8. Un dos **principios informadores** da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia é a

Igualdade, mérito e capacidade no acceso e na promoción profesional, principio que se está a mutilar coa redacción desta RPT, empeorando a situación coa que se tiña na anterior RPT non tendo en conta o mérito ou a capacidade do funcionario senón unicamente unha titulación ou outra subestimando unha serie de titulacións en favor de outras.

As titulacións esixidas para a cobertura das prazas deben realizarse en función do perfil da propia praza, do traballo que efectivamente se desenvolve nelas e non dunha maneira discrecional en función dun malentendido corporativismo do xefe da unidade correspondente ou das persoas que estean ocupando a praza nun momento determinado.

9. Un dos **dereitos recoñecidos aos funcionarios** na antedita lei é **o dereito a progresión na carreira profesional e á promoción interna** segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Esta progresión tería un teito mais baixo ou mais alto segundo se teña unha titulación ou outra incumpríndose os principios e no seu caso os dereitos recoñecidos na dita Lei polo que se pide cando menos que non se empeore a situación con respecto ao que se tiña recoñecido na actual RPT en vigor e non facer un uso inxusto e retorcido da Lei do emprego público.
10. As escalas de **administración especial** teñen moi restrinxidas as prazas ás que poden acceder por titulación, polo que non é de recibo que aínda se acoute máis o seu, xa raquíto, abano de posibilidades para poder promocionar e non pode ser unha escusa o acoutar as titulacións simplemente para facilitarlle o traballo a Función Pública á hora de resolver concursos de administración especial. Sería mais fácil para eles que estes concursos se convocasen cada ano, como estaba establecido na lei, e non facelos cada 5 anos.

Polo que respecta ás **propostas específicas**, temos que facer as seguintes consideracións, seguindo, no posible, a estrutura da memoria xustificativa da proposta;

1. **CREACIÓNS:**

- a. Créase un total **de 9 postos** para reforzar a estrutura da propia Secretaría Xeral

Técnica, xa que os postos correspondentes na CMATI traspasáronse á nova Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Estes postos, de niveis entre o 25 e o 30, agás os correspondentes aos postos **de secretario/a da Conselleira e da Secretaria Xeral**, están na súa maioría abertas á súa provisión por persoal doutras administracións.

Polo que se refire aos postos de secretario/a da Conselleira e da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, consideramos totalmente inxustificada a súa apertura a postos doutras administracións, en concreto ao código A11, que corresponde coa posibilidade da súa provisión por persoal da Administración Xeral do Estado, doutras comunidades autónomas, ademais de ao persoal propio da Xunta de Galicia. Estes postos, cuxa provisión é por Libre Designación consideramos que poden ser provistos por persoal propio da Xunta de Galicia.

Polo tanto, solicitamos a retirada das ditas aperturas e paralelamente a retirada do requisito do curso de Galego (código 640) para a súa provisión.

Nestes mesmos postos, inclúese o código 020, que fai referencia ao mérito de coñecementos informáticos a nivel usuario Entendemos que a provisión dos ditos postos entre os subgrupos C1 e C2, sobre todo este último, fan completamente desfasado e innecesario este mérito, polo que solicitamos a súa retirada nestas prazas e, extensivamente, en todas as prazas desta RPT na que aínda estea incluído.

Polo que se refire á creación dos postos de niveis superiores:

a.1. **Vicesecretario/a Xeral**: ao mesmo que ocorre con outros postos, este ábrese para a súa provisión por persoal doutras administracións, concretamente ao código A11, que permite a súa provisión por persoal da Administración Xeral do Estado e de outras comunidades autónomas ademais de por persoal propio da Xunta de Galicia. Solicitamos do mesmo xeito que nas prazas referidas mais arriba, o seu peche en exclusiva a persoal da Xunta de Galicia. Entendemos que se trate dun postos cuxa provisión se realizaba polo sistema de Libre designación non impide que se poda establecer para a súa exclusiva por persoal da Xunta de Galicia.

a.2. O posto de **Subdirector/a Xeral de Réxime Xurídico e de Coordinación Administrativa e da Planificación, así como o de Subdirector/a Xeral de Contratación e do Patrimonio**, están tamén abertas para a súa provisión por persoal doutras administracións. Ao igual que o argumentado para o resto das prazas con esta mesma características solicitamos a retirada desta apertura e a súa provisión por persoal propio da Xunta de Galicia. Ademais polo que se refire ao postos de Subdirector/a Xeral de Contratación e do Patrimonio, solicitamos que se deixe para a súa provisión polos corpos xerais que consideramos axeitados para o desenvolvemento das tarefas propias do posto.

a.3. Na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e de Coordinación Administrativa e da Planificación, créanse un total de 5 postos. Deles a **Xefatura de Servizo de Coordinación Administrativa e da Planificación** conserva a provisión por Libre Designación. Entendemos que en cumprimento da Lei de emprego público de Galicia, o sistema de provisión deste postos debería ser o concurso específico, e non a libre designación, e polo tanto solicitamos a modificación da proposta neste sentido.

a.4. Na **Subdirección Xeral de Contratación e do Patrimonio**, aparecen dúas xefaturas de servizo da área de contratación, a xefatura de servizo de tramitación contractual e a xefatura de servizo de recursos da contratación e do Patrimonio, cuxa “duplicidade” na materia non esta, ao noso entender o suficientemente explicado ou xustificado na memoria que unicamente se refire a elas de pasada.

b. Na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, créanse un total de dúas prazas nos servizos centrais da Consellería;

b.1. Un postos de **Xefatura de sección de Xestión Administrativa**. A xustificación da creación desta praza basease na “novidosa” tramitación por parte da propia D.X. de Conservación da Natureza da súa xestión económica do gasto corrente que asumirá ademais o gasto corrente do P.N.M.T. das Illas Atlánticas e a coordinación económica coas xefaturas territoriais. Por unha banda, dependendo da Dirección Xeral de Conservación da Natureza non hai

xeatura territorial algunha se non as correspondentes xefaturas de servizo dos correspondentes servizos provinciais de Conservación da Natureza, polo que non consideramos xustificada a dita creación e solicitamos a súa retirada e que sexa creada dependendo da Secretaría Xeral Técnica.

b.2. Unha **xeatura de servizo de Parques Naturais**. A anterior proposta de modificación da RPT da entón Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio, amortizábanse os cinco postos correspondentes aos directores/as de parques naturais e creábanse dúas xefaturas de servizo de parques, zona norte e zona sur, nos servizos centrais da Consellería. Neste caso, vaise un paso máis alá e fusiónanse esas dúas xefaturas de servizo que non chegaron a crearse nunha soa, que pasará a desenvolver as funcións dos cinco antigos directores de parques naturais.

Neste punto, non podemos concordar coa proposta da Consellería e solicitamos a retirada da proposta de creación desta xefatura de servizo de parques naturais nos servizos centrais e o mantemento dos postos dos directores/as de parques naturais. Unhas páxinas máis alá da mesma memoria xustificativa, constatase o mantemento do posto de Directos/conservador do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas, sen xustificación que dea a entender esa diferenciación entre un parque transferido do Estado e a tan laureada e publicitada rede de parques naturais de Galicia.

- c. Polo que se refire a outros postos de RPT na **D.X. de Conservación da Natureza**:
- A **xeatura servizo conservación de espazos naturais**, non se entende que se restrinxa a ser cuberta unicamente a unha titulación de enxeñaría de montes quitándose de diante todas as titulacións que poden acceder para levar a cabo as funcións desta praza como a de Bioloxía polo que debería deixarse como estaba XERAL/ESPECIAL ou cando menos incorporar a **ESC1**.
 - A **xeatura servizo análise de proxectos, plans e programas**, desenvolve funcións de elaboración de informes de avaliación ambiental en espazos

naturais tanto estean protexidos ou fora dos límites destes espazos. Este tipo de informes son elaborados por un equipo de técnicos multidisciplinar, con diversas titulacións implicadas polo que se debe permitir a estas titulacións poder acceder para facilitar a súa cobertura, manténdoa como corpo da administración Especial

d. **Nos Servizos Periféricos:**

c.1. Créanse as **catro Xefaturas Territoriais** coas mesmas características, de xeito que se abren para a súa provisión dentro das escalas xeral e especial, e para a súa provisión, novamente, por persoal doutras administracións públicas, neste caso incluíndo ao persoal da Administración Local (código A12). O artigo 38.5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que as relacións de postos de traballo sinalarán aqueles postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas. Entendendo a aplicación do dito precepto, o que non compartimos é a provisión de todos os postos de carácter “directivo” e dos niveis máis altos por persoal doutras administracións. Polo tanto, solicitamos a retirada da dita apertura e a súa provisión, en exclusiva, por persoal da Xunta de Galicia.

c.2. No servizo provincial de Conservación da Natureza en Ourense, créase ademais unha **xfatura de área de Parques Naturais** (de nivel 26) e cuxa provisión se prevé por Concurso Ordinario. Por unha parte, entendemos a xustificación de que Ourense conta con unha maior superficie da Rede de Parques Naturais de Galicia. A pesar do que se constata na mesma RPT a amortización dun total de 11 postos de axentes, seis delas en Ourense, 4 postos de peón/oa forestal, unha tamén en Ourense, e outras 3 de capataz de establecemento, un dos cales tamén en Ourense. Polo tanto, e tendo en conta a infradotación dos postos de axente na dita provincia, solicitamos a dotación orzamentaria dos once postos de axente cuxa amortización se propón por

carecer de dotación orzamentaria, dos que seis estarán nos parques naturais situados en Ourense.

Polo que respecta ás características do postos de xefatura de área de parques naturais de Ourense, entendemos que denota a necesidade de outros tres postos parellos nas restantes tres provincias, para atender ás necesidades urxentes e incidencias que podan xurdir nos parques da área na que se sitúen. Polo tanto, propoñemos a creación de 3 xefaturas de área adicionais, coas mesmas características que a proposta para Ourense, no servizo da Coruña, no de Lugo e no de Pontevedra.

Así mesmos, solicitamos información adicional ao respecto da apertura desta praza á escala de Veterinarios, cando as prazas de dirección dos parques e mesmo a de xefatura de servizo de parques naturais creada nos servizos centrais non inclúen a dita titulación ou escala.

Ademais entendemos que ao tratarse dunha xefatura de área pertencente a escalas, debe estar aberta aos subgrupos A1 e A2, incluíndo polo tanto as correspondentes titulacións técnicas.

- e. **PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS.** Respecto á modificación proposta para a tramitación dos postos correspondentes ao persoal funcionario do Parque das Illas Atlánticas, entendemos que a parte da RPT que faga referencia ao persoal transferido debe ser unha unidade, e por tanto incluír tamén os postos do persoal laboral. Así, dende a CSI•F non apoiaremos unha aprobación parcial dos postos do persoal funcionario.

2. TRASPASO DE POSTOS PROCEDENTES DOS EXTINTOS LABORATORIOS DE SAÚDE PÚBLICA DAS PROVINCIAS DA CORUÑA, OURENSE E PONTEVEDRA.

Polo que se refire aos postos que se modifican dentro dos postos procedentes dos extintos laboratorios de saúde pública, entendemos que **os postos de Responsable de Área de Microbioloxía Ambiental**, debería estar aberto á súa provisión polos

subgrupos A1 e A2, e que non se debería eliminar a súa provisión por parte dos Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública, xa que son parte fundamental do sistema de saúde ambiental e teñen dereito tamén ao desenvolvemento da súa carreira profesional fora da Consellería de Sanidade.

Paralelamente, o posto de Titulado Superior de Laboratorio, debería estar aberto para a súa provisión por este persoal farmacéutico e mesmo pola escalas de Licenciados en Farmacia (1.2.4) e en Ciencias Químicas (1.2.6).

3. MODIFICACIÓNS:

Dentro das modificacións propostas chama a atención as referidas ao servizo de inspección Ambiental dependente da **Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental**. Por unha parte, hai dous postos de nivel 25 abertos unicamente á escala de Ciencias, especialidade en Química, e ao subgrupo A1. Non está xustificada a dita constrición e polo tanto, solicitamos a súa apertura a toda a escala de Ciencias (código ESC) e aos subgrupos A1 e A2. Polo que se refire á inclusión do **requisito imprescindible** de permiso de conducir, solicitamos a súa retirada, porque non se trata dunha tarefa propia dos corpos inspectores, por unha banda, e ademais do dito non consideramos oportuna a inclusión de requisitos imprescindibles nas RPTs porque impiden o acceso aos mesmo por concurso, de un maior número de persoal funcionario.

Na **Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental**, a **xefatura de servizo de avaliación ambiental de plans e programas**, está aberta a titulacións de enxeñaría técnica (forestal, agrícola e minas) e enxeñaría superior (agrónomos, minas e montes). Nas xefaturas de área deste servizo está abertas a enxeñaría agrónoma e de montes ademais de a Biólogos, polo que consideramos que a praza de xefatura de servizo tamén se debería de abrir a esta titulación **ESC1** ou para ser mais xustos a corpo escala especial ou como estaba recoñecido e sistema que se segue a manter para determinadas prazas.

Polo que se refire á **xeftura de servizo de avaliación ambiental de proxectos**, a dita redacción é unha das principais funcións que están a desenvolver os licenciados en Bioloxía polo que non se explica que esta titulación non apareza nas indicadas na xeftura de servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, polo que consideramos que a praza de xeftura de servizo tamén se debería de abrir a esta titulación ESC1, (ou corpo ESPECIAL ciencias, ESC) e o mesmo habería que dicir para a xeftura de sección de avaliación ambiental . Así mesmo non parece lóxico que se peche unicamente ao subgrupo A1, polo que solicitamos que se realicen as modificacións que posibiliten a súa apertura ao subgrupo A2.

Polo que se refire á **Subdirección Xeral de Residuos**, reiteramos a nosa alegación de que se limiten os postos abertos a outras administracións (neste caso código A11), polo que solicitamos que o posto de Subdirector/a Xeral de Residuos estea pechado na súa provisión, en exclusiva, por persoal da Xunta de Galicia. En canto a outros postos dentro desta mesma Subdirección Xeral;

- A **xeftura de servizo de prevención e o control integrados da contaminación**, tamén entran dentro do campo das funcións que desenvolven os biólogos, tanto é así que a única praza de funcionario dependente desta unidade está cuberta por un biólogo polo que non se entende que se peche a xeftura de servizo a esta titulación polo que se pide que que a praza de xeftura de servizo tamén se debe abrir a esta titulación **ESC1(ou corpo ESPECIAL)**.
- A **xeftura de servizo de residuos** é unha praza bastante técnica e que podería desenvolverse por unha titulación do corpo de administración especial polo que se debería de abrir a XERAL/ESPECIAL dado que ademais a súa cobertura realizárase por Concurso Específico.
- Isto mesmo poderíase dicir da **xeftura de área de prevención e minimización de residuos**, xa que antigamente estaba aberta a titulacións de corpos especiais e agora tan só está para corpos xerais o que pode dificultar a súa cobertura.

Na **Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático**: o posto de **Subdirector/a Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático** está aberto á súa

provisión por persoal doutras administracións, e ademais a escala docente. Respecto do primeiro dos aspectos, solicitamos o seu peche para provisión por persoal propio da Xunta de Galicia e a eliminación dos corpos docentes. A propia lei de emprego público de Galicia, en relación con aquelas prazas de subdirección xeral ou xefatura de servizo, que “garden relación directa” (artigo 38.6 do mesmo corpo legal) coas competencias en materia de “sanidade, educación e xustiza” poderán ser provistas por persoal destes corpos atendendo á especificidade do postos e das súas funcións. Entendemos que non se da a requirida especificidade neste postos, e que polo tanto, debe ser retirada a posibilidade da súa cobertura polos corpos docentes.

Na **Subdirección Xeral de Espazos Naturais**, mantense tamén a apertura a persoal doutras administracións (neste caso código A11) para o postos de **Subdirector/a Xeral de Espazos Naturais**. Solicitamos que se aproveite esta modificación da RPT para eliminar todas estas aperturas, como tamén sucede co postos de **Subdirector/a Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas**.

Polo que se refire ás modificación propostas para unha serie de prazas que están neste momento ocupadas, temos que facer as seguintes consideracións:

- a. Por unha parte, solicitamos que se dea unha **total garantía** de que non se prexudicará ao persoal que neste momento está nos ditos postos de traballo.
- b. Así mesmo, non entendemos que non se **inclúa** nalgunhas prazas a **titulación e o subgrupo da persoal** que neste momento está a desenvolver as funcións propias do postos.
- c. Solicitamos que os poros estean **adscritos en exclusiva a persoal da Xunta de Galicia**, sempre sen prexudicar ao titular da praza e que se abran cando menos aos subgrupos A1 e A2 naqueles nos que a escala de pertenza permitan a dita apertura.

4. **AMORTIZACIÓNS:** Polo que se refire ás amortizacións non podemos apoiar ningunha amortización de emprego público. No que se refire aos postos de directores/as de parques naturais, xa definimos a nosa postura en contra destas

amortizacións, porque entendemos que os postos de director/a de parque natural compre a función de proximidade e atención tanto ás necesidades cotiás dos parques en coordinación co resto de persoal do mesmo, e mesmo das emerxencias que podan xurdir. Non entendemos que unha serie de funcións deste tipo e ata o de agora propias dos directores/as dos parques poda pasar a ser desenvolvida nas mesmas condicións de eficacia e eficiencia por un único postos de xefatura de parques naturais situado ademais nos servizos centrais da Consellería.

Ademais destas amortizacións, desaparecen outros **18 postos** de traballo, **sete dos mesmos**, todos eles **postos base**, co fin de sufragar os gastos de creación dun total de 9 postos.

5. CREACIÓN DE PRAZAS DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO:

Nesta nova proposta de modificación da relación de postos de traballo de la Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, créanse diversos postos de persoal funcionario que serán **ocupados por persoal laboral indefinido non fixo**, en execución de sentencias xudiciais, vulnerando a normativa que seguidamente se cita (vulneración xa existente en anteriores modificacións desta RPT):

- **Non se fai constar a preceptiva reserva** para os **procesos de consolidación e estabilización** de determinados postos de persoal que ten dereito á mencionada reserva dos seus postos de traballo para os citados procesos.

Así, no que respecta aos procesos de consolidación de persoal laboral con antigüidade anterior ao 1 de xaneiro de 2005 se vulneran a **disposición transitoria catorce** do texto refundido da Lei galega de Función Pública e a disposición transitoria décima do V Convenio Colectivo, vulnerándose tamén o artigo 7 de la Lei 1/2012, 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, que confirmou a obriga da citada reserva, debendo recordarse que parte de ditos postos xa se incorporaron a la OEP 2009, pendente de execución no relativo a estes procesos a xa caducada, polo que se debe aprobar unha nova

oferta de emprego incorporando os novos postos que correspondan de acordo coa normativa mencionada e as novas sentencias existentes.

E no que respecta aos procesos de estabilización do persoal con antigüidade posterior ao 1 de xaneiro de 2005 vulnéranse o **Acordo para a ordenación e mellora do Emprego Público no ámbito da Administración da Xunta de Galicia**, de data 21 de abril de 2008, o apartado quinto da disposición transitoria décimo primeira do V Convenio pendente de execución no relativo a estes procesos, normas que estableceron a obriga da reserva dos postos deste colectivo, debendo recordarse igualmente que parte de ditos postos xa se incorporaron á OEP 2008, pendente de execución no relativo a estes procesos e tamén xa caducada, polo que igualmente se debe aprobar unha nova oferta de emprego incorporando os novos postos que correspondan.

- Finalmente, debe respectarse tamén o **dereito á reserva para o proceso extraordinario de consolidación** establecido para persoal que ocupa un posto de carácter funcional desde antes do 1 de xaneiro de 2005, por aplicación da xa anteriormente citada disposición transitoria catorce do texto refundido da Lei galega de Función Pública e do artigo 7 da Lei 1/2012, de 29 de febreiro.

En base ao exposto, se solicita que se faga **constar expresamente** a obriga da reserva dos mencionados postos na descrición destes na RPT, acordando modificar a indebida adscrición a postos de funcionarios que se aprecia na maioría dos casos.

Por outra parte, tendo en conta a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, solicítase que **a cada praza se lle asigne soamente a titulación do persoal que a ocupa e só esta**, cuestión que en algúns dos casos sucede e en outros non, sen que se faga mención a que obedece tal feito.

Ademais do dito, considérase necesaria a revisión das seguintes prazas polos motivos que se expoñen:

- Código do posto MAC050000015770013: solicítase que se lle asigne só a Escala Ciencias-Especialidade Ciencias do Mar (ESC3), consonte co criterio establecido na propia memoria funcional de respectar a titulación académica do persoal laboral que ocupa as ditas prazas e o que se está a seguir para a maioría das prazas que se crean

dentro da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental: que só por motivos excepcionais as prazas poden estar abertas a dúas titulacións. No que se refire a esta praza en concreto non ten explicación ningunha que non se respecte a titulación da persoa que a ocupa, existindo na actualidade ademais neste caso concreto a especialidade de Ciencias do Mar no corpo facultativo superior da Administración especial.

- Códigos dos postos MAC050000015770012, MAC050000015770016 e MAC050000015770018: solicítase que se lle asigne só a Escala Ciencias da Saúde, subgrupo A1, Licenciados en Farmacia, consonte co criterio establecido na propia memoria funcional de respectar a titulación académica do persoal laboral indefinido que ocupa as ditas prazas.
- Código do posto MA.C05.00.000.15770.028: solicítase con respecto a este código de posto o seguinte:
 - Se lle asigne só a Escala Enxeñeiros Técnicos-Especialidade Enxeñería Técnica Agrícola EME4, consonte co criterio establecido na propia memoria funcional de respectar a titulación académica do persoal laboral que ocupa as ditas prazas e o que se está a seguir para a maioría das prazas que se crean dentro da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental: que só por motivos excepcionais as prazas poden estar abertas a dúas titulacións. No que se refire a esta praza en concreto non ten explicación ningunha que non se respecte a titulación da persoa que a ocupa, existindo na actualidade ademais neste caso concreto a especialidade de Especialidade Enxeñería Técnica Agrícola no corpo facultativo superior da Administración especial.
 - Descríbase de forma precisa na memoria funcional aportada o traballo desenvolvido pola persoa á que se lle asigna a referida praza debido a que esta cambiou o seu posto de traballo dentro da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dende o ano 2007; polo que se entende que a información recollida na memoria funcional debe ser actualizada e reflectir así a realidade do seu posto actual dentro desta estrutura organizativa, como é: *O*

control e seguimento dos Convenios e autorizacións dos Sistemas Integrados de Xestión e dos Plans de vixilancia e control ambiental dos vertedoiros de residuos urbanos clausurados de titularidade municipal.

- Código do posto MA.C05.00.000.15770.011: solicítase con respecto a este código de posto o seguinte:
 - Procédase á emenda do nome da persoa á que se lle asigna este posto segundo a memoria funcional debido a que onde di Lucía Pazos Alonso debe dicir Lucía Pazos Alfonso.
 - Descríbase de forma precisa na memoria funcional aportada o traballo desenvolvido pola persoa á que se lle asigna a referida praza debido a que esta cambiou o seu posto de traballo dentro da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dende o ano 2007; polo que se entende que a información recollida na memoria funcional debe ser actualizada e reflectir así a realidade do seu posto actual dentro desta estrutura organizativa, tendo en conta o seguinte: *Dende xuño do ano 2009 ata xuño do ano 2010 desempeñou as súas tarefas no Servizo de prevención e control integrado da contaminación tramitando expedientes de instalación sometidas á Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, maioritariamente no ámbito da xestión de residuos. Dende esa data ata día de hoxe presta os seus servizos no Servizo de planificación, prevención e información realizando, entre outras, tarefas de seguimento, control e actualización de datos dos plans e programas de xestión de residuos aprobados pola Secretaría Xeral, control e seguimento dos Convenios e autorizacións dos Sistemas Integrados de Xestión, seguimento da rastrexabilidade e coherencia da información dos Complexos Ambientais de Residuos Urbanos de Galicia, deseño e desenvolvemento funcional e soporte de aplicacións informáticas (SIRGaRU, SIRGa, GaIA) relacionadas co control dos traslados de residuos industriais, arquivo cronolóxico electrónico das empresas, participación nos grupos de traballo creados no seno da Comisión de Coordinación de Residuos para a harmonización dos sistemas de información para o control e xestión*

administrativa no ámbito da produción e xestión de residuos en todo o territorio do Estado.

6. OUTRAS ALEGACIÓNS:

- A) Solicitamos que na praza de código **MA.C08.00.001.15770.026** conste a precisión de que a mesma está **afectada pola Disposición Transitoria 14ª do Decreto Lexislativo 1/2008**, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, con base na contestación da propia D.X. da Función Pública e na documentación que esta organización sindical puxo en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
- B) Polo que se refire ás prazas con código de posto MAC991000232001028 e MAC991000232001030, así como a aquelas outras que desenvolvan as mesmas ou semellantes funcións, se inclúa na RPT os seguintes complementos;
- a. **Responsabilidade**, polas función propias de dirección de obras, coordinación de riscos laborais, supervisión e coordinación do centro de traballo e pola realización de tarefas de conducción ademais das propias dos postos de traballo.
 - b. **Penosidade**, pola realización de traballos de campo necesarios para a cumplimentación de informes, seguemento das obras, actividades de educación e información ambiental, realización de inventarios e supervisión de rutas, entre outras, desenvolvidas de xeito habitual polos traballadores que ocupan os ditos postos.
 - c. **Perigosidade**, polos traballos desenvolvidos para o seguemento das obras e dos traballos de maquinaria en funcionamento e polo manexo habitual de vehículos en caminos, pistas e cortalumes en zonas de montaña.
- C) Ademais das alegacións presentadas, solicitamos información ao respecto dos contratos formalizados e ou en vigor coas empresa APPLUS + e ARQUEIA, que realizan tarefas propias de distintos corpos de funcionarios para a actual Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016.